



Cartagena: Readmisión inmediata do despedido

Novos datos sobre o despedimento en Cartagena, publicados antonte na web de *El País*.


O compañeiro nin sequera entrou na factoría. A carta de despedimento foille entregada na porta no que ía ser o seu primeiro día de traballo. Navantia alega causas **obxectivas** porque, supostamente, non superou un deses procesos de ingreso **tramposos** nos que RRHH elixe **a dedo**.

Isto é unha **vinganza** en toda regra. Álvaro Tello, e por extensión o seu xefe, Fernando Ramírez, que lle permite actuar así, non só se atreve a coaccionar a un traballador para que retire unha demanda, dicíndolle incluso que non traballaría en Navantia nin aínda que gañase o xuízo por prestamismo porque "existían medios" para incumplir unha sentenza xudicial favorable ó traballador.

Isto é **gravísimo**. RRHH de Navantia, unha empresa **pública**, está **violando** a lei e os dereitos dos traballadores, actuando coma eses empresarios **mafiosos** que se cren que a lei son eles.

Que será o seguinte? Contratar matóns para que dean malleiras a sindicalistas combativos?

O Intercentros ten que tomar cartas no asunto inmediatamente ou quedará totalmente desacreditado. **Readmisión inmediata** do compañeiro despedido. **Cese fulminante** de Álvaro Tello e Fernando Ramírez.



Reunións no Congreso

A **CGT** participou nas reunións de antonte co Ministerio de Traballo e cos grupos parlamentarios do PSOE, UP e BNG; co PP non nos vimos porque carece de sentido.

A falta de **carga de traballo** e os **investimentos** son un problema. Pero resolvelos **non** esgota a cuestión. A outra cara da moeda son as **condicións laborais**. Por iso a **CGT** falou co Ministerio e cos partidos do Goberno destas cuestións:

- 1) Despedimento de Cartagena. Esixencia da súa inmediata readmisión e do cese dos responsables de RRHH.
- 2) Situación dos novos ingresos, contratacións a dedo e abusos de RRHH. Esixencia de solución e de aplicación en Navantia dos mesmos criterios de ingreso ca na Administración pública.
- 3) Subcontratación en Navantia e prácticas antisindicaís da dirección, como a licitación do mantemento. Esixencia de solución e dun modelo de empresa **pública** que garanta unhas condicións laborais **dignas** para **todos**.

Na práctica, en Navantia sigue a cúpula nomeada polo PP. Pero, politicamente, os desmáns desta tropa de reaccionarios van á conta do goberno PSOE-UP. A **CGT** avisou a ambos partidos do que está a pasar. Agora é cousa deles o que fagan ou deixen de facer. A **CGT** seguirá denunciando e combatendo tódolos abusos empresariais.

Mobilizacións do mantemento: solidariedade coa loita

Esta mañá, os compañeiros impediron o acceso ó AAOR de 5:15 a 8:00, como medida de presión ante a negativa da dirección de Navantia de romper o prego.

A plataforma Sindicalistas de Izquierda, que agrupa a sindicalistas combativos de diferentes sindicatos, sumouse á presión impulsando unha campaña para dar a coñecer esta loita en todo o Estado español. Durante esta semana chegaron máis de 130 resolucións de apoio e se produciron decenas de chamadas telefónicas ós máximos responsables desta agresión, esixindo a retirada do prego.

Ademais, a asemblea de traballador@s do mantemento en San Fernando aprobou por unanimidade unha resolución en solidariedade coa loita dos seus compañeiros en Ferrol, na que esixen a retirada do prego e a negociación dun novo con participación do comité da UTE. De non ser así, abren a porta a unha loita conxunta na defensa dos postos de traballo.



Covid: Brote na industria auxiliar

A semana pasada houbo un **brote** na compañía M. Blanco, con 4 positivos. Os tres primeiros coñecéronse o martes 9. O cuarto coñeceu-se a fin de semana.

Dada a situación, o Sergas decidiu facer un cribado **ó resto do persoal** desa compañía, confirmándose o cuarto positivo.

O grave de todo este asunto é que ese cuarto positivo veu traballar a pesar de estar **pendente** do resultado da PCR.

Desde o momento en que se soubo que o Sergas ía facer ese cribado, todo o persoal de M. Blanco debeu quedar na casa con permiso en espera da realización da PCR. E debeu seguir na casa mentres non houberse un resultado negativo.

Quen fallou non foi o traballador. Fallaron as empresas, tamén Navantia, ben porque non se enterou do que pasaba dentro das **súas** instalacións, ben por non actuar como corresponde desde a óptica da saúde colectiva.

Novos ingresos

O pleno do comité do pasado luns decidiu rexeitar que se avanzase naqueles procesos nos que se pode avanzar, cos votos de CCOO e MAS. **CGT** e CIG votamos en contra. A UGT non asistiu.

Esta semana tamén se iniciou a revisión das reclamacións das especialidades *júnior* pendentes (as do psicólogo).

Afectados desta convocatoria enviaron antonte ó comité unha carta queixándose da falla de información e pedíndolle que convoque unha asemblea. A **CGT** xa plantexara a necesidade de tal convocatoria. Esta carta ratifícanos en que o comité debe convocala.

O Sergas actuou ante un brote; Navantia actuou como se fose unha coincidencia de casos **individuais**. É máis barato **criminalizar** ós traballadores en vez de confinalos respectando os salarios.

Ante o brote, como mínimo debeuse confinar preventivamente a tódolos traballadores de M. Blanco ou mesmo do buque en que estaban traballando.

En China ou Nova Zelandia se confinan cidades de millóns de habitantes por detectarse un feixe de positivos. Por iso teñen unhas taxas de mortalidade infinitamente menores ás do Estado español.

Pero a produción de Carenas é intocable. Para as empresas españolas, o único importante é a pasta.



Contacta connosco:

Teléfono Interior: 1213
Telf. Exterior: 981 33 12 13
Telf. Móbil: 623 044 900

cgt.fe@navantia.es
naval.ferrolterra@cgtgalicia.org

Séguenos e comparte info nas RRSS:

